



CONVOCATORIA DE AXUDAS DE MOBILIDADE INTERNACIONAL DE FORMACIÓN PARA PERSOAL DOCENTE NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+

da acción clave 1, mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA103-STT) na EASD Mestre Mateo

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A EASD Mestre Mateo a través da súa Oficina Internacional convoca 3 axudas de mobilidade, para formación no marco do programa Erasmus+ da Acción Clave 1, mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA103, Educación Superior).

O obxectivo da presente convocatoria é facilitar as estadias do persoal docente da Escola en Institucións de Educación Superior de países pertencentes ao Espacio Educativo Europeo.

Os obxectivos xerais destas accións son os seguintes:

- Proporcionar oportunidades de adquisición de competencias e desenvolvemento persoal ao profesorado da EASD
- Aumento das competencias en linguas estranxeiras
- Melloramento da conciencia e comprensión doutras culturas
- Recoñecemento das competencias adquiridas
- Aumento do atractivo e a dimensión internacional das institucións participantes
- Sinerxias e transicións: educación – emprego – empresa

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Para poder participar na presente convocatoria as persoas solicitantes deberán:

- Formar parte do claustro da EASD Mestre Mateo, tanto no momento de facer a solicitude coma no momento de realizar a estadia.
- Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no programa Erasmus+, ou estar recoñecidas polo país onde residen como residente permanente, refuxiada ou apátrida.
- Impartir ensinanza dentro dun plan de estudos na EASD durante o curso no que vai realizar a mobilidade.
- Pertencer á área de estudo que figura no acordo asinado coa institución de acollida.
- Establecer contacto co profesorado ou oficina internacional do centro de destino para acordar as datas da visita e o programa da estadia.





- Subscribir o Acordo de Mobilidade do Anexo II (Mobility Agreement) xunto coas institucións de orixe e destino, describindo o programa que levará a cabo a persoa beneficiaria durante a súa estada.

Aquelas solicitudes que non cumpran estes requisitos consideraranse automaticamente rexeitadas.

Nivel de idioma recomendado: para o correcto desenvolvemento da actividade, recoméndase un nivel de idioma B2, polo que valorarase a acreditación do coñecemento do idioma propio da universidade de acollida, ou de inglés, correspondente ao nivel B2 do MCER (Marco Común Europeo de Referencia).

3. DURACIÓN

A duración desta actividade será dun mínimo de 2 días de traballo e máxima de dous meses (sen contar os días de viaxe nin os festivos), aínda que só se financiarán como máximo 5 días de traballo.

Durante a estada, a persoa beneficiaria deberá asistir a actividades de formación (excepto conferencias) ou ben aprendizaxe por observación.

O período elixible de realización das estadas docentes comprende dende a resolución desta convocatoria ata o 30 de abril de 2020.

4. DESTINOS

A mobilidade de persoal docente está baseada na existencia previa dun acordo interinstitucional Erasmus+ asinado coas institucións de destino, e en dito acordo deben existir cupos específicos para as mobilidades de persoal.

Se algunha persoa membro do profesorado tén contacto con algunha institución de educación superior europea non socia que estea disposta a asinar un convenio interinstitucional coa EASD Mestre Mateo para a realización da súa e outras mobilidades, valorarase no baremo.

A listaxe de institucións socias Erasmus+ da EASD Mestre Mateo é a seguinte:

ITALIA:

- Accademia di Belle Arti di Brera, Milán. Código Erasmus I MILANO08. Especialidades: Arte e Deseño.
- Accademia Della Moda, Nápoles. Código Erasmus I NAPOLI13. Especialidade: Deseño de Moda.
- Accademia di Belle Arti di Macerata, Macerata. Código Erasmus I MACERAT02. Especialidade: Deseño de Moda.
- Università di Camerino, Camerino. Código Erasmus I CAMERIN01. Especialidade: Deseño de Produto.

PORTUGAL:





- IADE - Universidade Europea de Lisboa. Código Erasmus P LISBOA08. Especialidades: Deseño, Fotografía e cultura visual.
- ESAD de Matosinhos. Código Erasmus P MATOSIN01. Especialidades: Deseño de Moda, Deseño de Produto, Fotografía.

ALEMANIA:

- Muthesius Kunsthochschule, Kiel. Código Erasmus D KIEL05. Especialidades: Deseño de Produto, Belas Artes.
- Hochschule Niederrhein, Krefeld. Código Erasmus D KREFELD01. Especialidades: Deseño de Produto, Tecnoloxía Téxtil.

FRANCIA:

- ESAD Orléans. Código Erasmus F ORLEANS13. Especialidade: Deseño de Produto.

BULGARIA:

- National Academy of Arts, Sofia. Código Erasmus BG SOFIA08. Especialidades: Deseño de Moda, Deseño de Produto, Artes.

REPÚBLICA CHECA:

- University of West Bohemia, Pilsen. Código Erasmus CZ PLZEN01. Especialidades: Deseño de Moda, Deseño de Produto.

POLONIA:

- Akademia Jan Matejko, Cracovia. Código Erasmus PL KRAKOW10. Especialidade: Deseño de Produto.

Pódese atopar información dos sitios web destas institucións na ligazón:
<http://www.easd.es/gal/internacional/erasmus-/oficina-internacional>

5. DOTACIÓN E PAGO DAS AXUDAS

Estas mobilidades están financiadas con fondos provenientes da Comisión Europea. Hai dous tipos de contías que se reciben:

- Axuda de manutención, que depende da duración da estada e máis o país de destino segundo a seguinte táboa:

País de destino	Importe por día en EUR
Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido (hasta diciembre de 2019), Suecia	120
Alemania, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105
Antiga República Iugoslava de Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Rumanía, Turquía	90





- Axuda de viaxe, segundo a distancia ao país de destino segundo a seguinte táboa:

Distancias	Importe en EUR
Entre 10 y 99 km	20
Entre 100 y 499 km	180
Entre 500 y 1999 km	275
Entre 2000 y 2999 km	360
Entre 3000 y 3999 km	530
Entre 4000 y 7999 km	820
8000 km o más	1500

Para calcular a distancia en km dende o posto de traballo ata a cidade de destino, empregarase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón:

http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm

Estas axudas poden cubrir ou non a totalidade dos gastos. Fináncianse un total de 5 días lectivos coma máximo.

O importe das estadias será aboado por transferencia bancaria do seguinte xeito: nos 30 días naturais posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non máis tarde da data de inicio do período de mobilidade, realizarase un pago de prefinanciación á persoa participante equivalente al 70% do total do importe correspondente; ao remate da misión docente e á volta da persoa participante, a entrega da documentación xustificativa da realización da mobilidade e a cumplimentación da enquisa UE online considerarase a solicitude de liquidación do 30% restante, que a EASD Mestre Mateo terá 45 días para facer efectiva, tamén por medio de transferencia bancaria.

6. FORMALIZACIÓN DA SOLICITUDE

A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude de mobilidade (Anexo I) correctamente cumplimentado.
- Acordo de mobilidade (Anexo II) que reflectirá a actividade a desenvolver. O documento debe incluír as firmas (orixinais ou escaneadas) da persoa solicitante e do centro de destino.
- Documentación xustificativa de méritos que se desexe aportar.

A presentación da solicitude implicará coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria.

7. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes será ata o 15 de Outubro para mobilidades que se realicen ata o 31 de Xaneiro de 2020.

No caso de non cubrir a totalidade das mobilidades ofertadas nese prazo, haberá unha segunda quenda de solicitudes ata o 15 de marzo de 2020, para mobilidades que se poderán





realizar ata o 15 de maio de 2020. Esta data é a límite para finalizar as mobilidades, que serán nulas a tódolos efectos no caso de efectuarse máis tarde.

A solicitude, xunto coa documentación requirida, deberá presentarse na Secretaría da EASD Mestre Mateo con rexistro de entrada.

8. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de selección estará integrada por:

- O Director da EASD Mestre Mateo, Santiago Riande Torres
- O Xefe de Estudos, Juan Adrio Fondevila
- A vicedirectora e coordinadora da oficina internacional, Raquel Anta Barragán, que actuará coma secretaria.

Esta comisión levará a cabo a selección do persoal docente de conformidade coas directrices marcadas polo SEPIE, que son:

- procedemento de selección será transparente, xusto, equitativo, coherente e estará ben documentado.
- Adoptaranse todas as medidas necesarias para evitar calquera conflito de intereses entre as persoas que poidan tomar parte no proceso de selección e as persoas solicitantes individuais.

Para a adxudicación das axudas, aplicarase o seguinte baremo, para un máximo de 10 puntos:

Acreditación de coñecemento do idioma: máximo 3 puntos segundo a seguinte táboa:

Idioma no que se impartan as clases na Institución de destino solicitada			
B1	B2	C1	C2
0,5	1	2	3
Outro idioma estranxeiro			
B1	B2	C1	C2
0	0,5	1	1,5

Participación previa no programa Erasmus+: máximo 3 puntos.

- 2 mobilidades ou máis -> 1 punto
- 1 mobilidade -> 2 puntos
- Non ter participado con anterioridade -> 3 puntos

Relevancia do Acordo de Mobilidade que se presente -> máximo 4 puntos.

9. PUBLICACIÓN DE LISTAXES

- A proposta de adxudicación de prazas por parte da Comisión seleccionadora incluírá as listaxes de suplentes e solicitudes excluídas, xunto co motivo da exclusión. Farase



pública no taboleiro de anuncios do centro así coma na páxina web, no prazo de 5 días hábiles despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

- Contra a proposta de selección e a listaxe de suplentes poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia da Comisión de Selección do centro no prazo dun día hábil dende a publicación das listaxes.
- Transcorrido o prazo de reclamacións e logo de se resolveren, a proposta definitiva de selección e a listaxe de suplentes publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web.

10. OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

- Será responsabilidade das persoas que soliciten as mobilidades establecer o contacto co centro de destino para acordar as datas da visita e o programa de traballo.
- As persoas beneficiarias deberán tramitar a emisión da Tarxeta Sanitaria Europea e máis un seguro de viaxe que cubra accidentes, responsabilidade civil e repatriación.
- As persoas beneficiarias tamén deberán solicitar na oficina de xefatura de estudos o permiso para ausentarse do seu posto de traballo durante os días que se produza a mobilidade, coa suficiente antelación.
- Durante a estada na institución de acollida, as persoas beneficiarias deberán aproveitar oportunidades para promover a estratexia de internacionalización, proxectos de cooperación e información sobre a oferta académica da EASD Mestre Mateo

11. XUSTIFICACIÓN DA ESTADÍA

As persoas beneficiarias dunha mobilidade deberán presentar na oficina internacional a seguinte documentación no prazo máximo dun mes contado a partir da data de finalización da mobilidade:

- Certificado de permanencia asinado pola persoa responsable e con selo da institución de acollida.
- Tarxetas de embarque e factura da axencia de viaxes (ou recibo de compra electrónico) ou, de ser o caso, outra documentación xustificativa dos gastos de desprazamento, por exemplo no caso de desprazarse en vehículo particular, os tickets da peaxe, aparcadoiro ou similares.
- Facturas de hotel, establecemento hoteleiro ou similar.

Tódolos documentos deberán ser orixinais.

A continuación deberá formalizar un Informe Final (“Cuestionario UE”) sobre as actividades realizadas segundo o modelo que se lle enviará ao correo electrónico a través da aplicación da “Mobility Tool”.



12. RENUNCIAS E MODIFICACIÓNS

Calquera cambio que se efectúe, en especial no tocante ás datas da estadía ou baixa no programa, deberá ser comunicado por correo electrónico á oficina internacional á maior brevidade posible.

Considerarase que renuncian tacitamente á mobilidade (e en consecuencia á axuda), as persoas beneficiarias que non presenten a documentación requirida nos prazos e nas condicións descritas nestas bases.

No caso de que se produza algunha renuncia, ou que non se entregue a documentación nas condicións e no prazo previstos, poderase adxudicar a mobilidade, se procede, á seguinte persoa da lista de agarda.

O incumprimento dalgúns dos requisitos e das obrigas establecidas na presente convocatoria poderá dar lugar á revogación total ou parcial da axuda e á obriga de devolver a cantidade correspondente, así como a imposibilidade de participar en novas edicións do programa.

En Santiago de Compostela, a 15 de Xullo de 2019

